




## NIN UN BICO Á FORZA

A efectos da presente directiva o acoso sexual entenderase como "Aquelhas situacións nas que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non deseñado de índole sexual co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un contorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo". Directiva 2002/73/CE.

Aprender a visualiza-lo acoso sexual será un primeiro paso na súa erradicación. Un bo comezo neste proceso será aprender a aprender a decir non a calquera manifestación afectiva que non sexa do agrado de quen a recibe no momento que se produce.



NIN UN BICO Á FORZA

DL PO-4552-02 • DISEÑO: Cenepes CB

## **Avanzar na erradicación da violencia de xénero precisa do compromiso de mulleres e de homes co dereito á igualdade en tódolos ámbitos de relación.**

As relacións que sustentan a violencia de xénero vanse fraguando desde a máis tenra infancia. Nesta medida faise preciso que nenas e nenos aprendan a identificar e a rexeitar activamente calquera das súas múltiples manifestacións.

Esta ficha-guía de lectura **NIN UN BICO Á FORZA, di non**, quere ser unha contribución á prevención da aprendizaxe de prácticas sexistas que están na base da tolerancia e/ou aceptación de actitudes e comportamentos verbais e non verbais relacionados co **acoso sexual**.

Axuda-las criaturas a identificar e nomea-los sentimientos e sensacións que, Iles puideran producir prácticas consolidadas tradicionalmente, nunha sociedade de xénero, como *mostras de afecto* en bicos, aperturas, caricias... en diferentes situacións, contribuirá a cimentar nas súas vidas recursos persoais para o establecemento de relacións interpersoais non discriminatorias, libremente elixidas e, sustentadas en valores como o respeito, a dignidade e o dereito á igualdade entre mulleres e homes.

## **ORIENTACIÓN PARA A PERSOA EDUCADORA.**

As reflexións que se ofrecen a continuación, teñen por obxecto facilita-lo traballo didáctico coa obra **Nin un biquiño á forza** e, polo tanto, achegarllas ás nenas e ós nenos a mensaxe que as súas páxinas encerran.

A ficha que se achega está orientada á creación dun contorno adecuado no que realizar unha lectura compartida deste conto infantil, adecuándoo ós obxectivos mencionados.

Facilita-la identificación das sensacións e sentimientos que un bico pode producir en diferentes situacións, é unha clave que non se debe esquecer durante a súa lectura. Polo que resultará imprescindible crear, entre a persoa adulta e as criaturas, un ambiente de comunicación que favoreza o intercambio fluído de experiencias e apreciacións sobre o lido.

Dialogar con respecto sobre estas sensacións pode contribuir igualmente a detectar posibles experiencias negativas que teñan sufrido nenas e nenos. Debemos saber que non Iles resultará doadó comunicá-las explicitamente, ben pola propia confusión que a situación Iles xera, ou ben por temor ás consecuencias de desvelala. En calquera caso, deberemos coidar de facilita-la súa expresión e de evita-la culpabilización da criatura na situación.

Nesta medida, será necesario, por parte da persoa adulta, manter unha observación atenta e respectuosa ante diferentes reaccións, respuestas verbais e non verbais, que nenas e nenos puiderán ir mostrando ó falar das sensacións agradables ou desagradables de diferentes bicos que coñecen.

En caso de que foran detectadas vivencias negativas é moi importante que a propia formadora ou formador, se interese por axudar a superar estas situacións a través dunha intervención educativa programada.

Asemade será imprescindible que as persoas adultas lembremos que, en tódolos casos, somos referentes para as criaturas; polo que resultará de interese que comuniquemos ás criaturas as nosas respostas persoais ante situacións como as abordadas neste conto.

## **SUXESTIÓN DIDÁCTICA PARA FACILITA-LA COMPRENSIÓN DA MENSAXE.**

Trala lectura xurdirán, de seguro, as intervencións de nenas e nenos.

Facilita-la participación infantil, que se coidará non interromper nos primeiros momentos, favorecerá en tódolos casos o enriquecemento particular e colectivo de quem participa.

Co obxecto de asegurarnos da mellor comprensión do lido, puiderá ser preciso guía-lo coloquio. Neste sentido, inclúense a continuación unha serie de cuestións que, non pretendendo ser exhaustivas, contribuirán a non esquecer aspectos importantes das mensaxes comentadas.

- Ó longo do día podes recibir moitos bicos pero... ¿a ti que bicos che gustan? ¿onde che gusta más que te biquen?
- E as túas amigas e amigos ¿sabes que bicos prefieren?
- De tódolos bicos que lembras ter recibido ¿cales che resultaron más agradables e/ou más desagradables? ¿Por que?
- Interésate en coñece-los motivos polos que hai bicos que non Iles gustan ás túas amigas e amigos.
- Pensaches qué podes facer ti cando che dean un bico que non desexas recibir.
- Se te atoparas cunha persoa que intenta bicarte, ainda que ti lle dis que non queres, e entón se enfada ¿que podes facer?

Segundo os contextos, sempre caberá pensar na idoneidade de profundar no tema abordado e organizar actividades lúdico-expresivas que Iles darán ás criaturas a oportunidade de expresar con maior liberdade e creatividade, os seus sentimientos e afectos.